

PROTOCOLO XERAL DE INTENCIÓNS ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A TRANSMISIÓN DA TITULARIDADE DA FINCA LOURIZÁN E DA ESCOLA DE CANTERÍA DE PONTEVEDRA Á COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

REUNIDOS

Pola Xunta de Galicia, Diego Calvo Pouso, Vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento por Decreto 60/2022, do 16 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia en exercicio das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Pola Deputación Provincial de Pontevedra, a súa Presidenta, M^a del Carmen Silva Rego, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), o artigo 105.1.a da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) e lexislación concordante.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente protocolo de intencións nos termos establecidos no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público e na súa virtude,



EXPOÑEN

Primeiro.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia da Xunta de Galicia, configúrase como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Entre as competencias de Consellería do Medio Rural previstas no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, exercidas a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, inclúense, entre outras, as actividades de I+D+I nos sectores agrario e alimentario de Galicia ou a promoción e execución dos traballos de investigación nas materias agrícolas, gandeiras e forestais; ademais, desenvolve as competencias en materia de formación e experimentación agraria. Por outra parte, á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas



relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Polo tanto, dentro do ámbito sectorial da Consellería do Medio Rural e da Comunidade Autónoma de Galicia, ten unha especial relevancia o sector forestal, como un dos eixos capaces de impulsar a actividade económica e a creación de emprego no medio rural. De acordo co anterior, a Xunta de Galicia desexa levar a cabo distintas iniciativas no Pazo de Lourizán e no seu entorno, entre as que figurarán as actuacións edificatorias e de conservación e mantemento do entorno asociadas coa investigación e formación en materia forestal, a localización do arquivo forestal de Galicia, así como con outros usos complementarios relacionados coa promoción da actividade económica do ámbito forestal, como a creación de semilleiros ou aceleradoras de empresas. Ademais, o complexo poderá albergar outros usos complementarios, como os turísticos, divulgativos ou recreativos.

Terceiro.- Que de acordo co artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, é competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

Así mesmo o Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a consellería é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección,



planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo.

Cuarto.- A Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 31 da LRBRL, e 101 da LALGA, ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, e en particular asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como participar na coordinación da Administración local coa da Comunidade Autónoma.

Para o cumprimento destes fins, as Deputacións teñen atribuídas competencias propias pola lexislación do Estado e das Comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, exercendo en todos os casos as comprendidas no artigo 36 da LRBRL, e no caso da Comunidade autónoma galega no artigo 109 da LALGA, entre os que se pode destacar no ámbito material do presente Protocolo no referente á Finca Lourizán a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social no territorio provincial e o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia mediante a conservación de monumentos histórico-artísticos (artigos 36.1.d LRBRL, e artigo 109.1.d da LALGA en relación co artigo 118.b do mesmo corpo legal).

Así mesmo, a Escola de Cantería iniciou a súa actividade coma un obradoiro de formación teórico-práctica de traballo artesanal en pedra en 1979 dependente do Ministerio de Cultura, pasando a ser asumida no ano 1982 pola Deputación de Pontevedra.

Quinto.- As entidades locais para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as



necesidades e aspiracións da comunidade veciñal ostentando a facultade de ceder gratuitamente bens inmobles a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal de conformidade co establecido nos artigos 108 e 110 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais, nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e anos artigos 80 e 81 e 276 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

A Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra concordan na relevancia do traballo desenvolto, desde a súa creación, pola Escola de Cantería de Pontevedra para a formación de profesionais cunha alta cualificación nun ámbito de especial transcendencia para o patrimonio e o sector da construción; e manifestan a vontade de artellar os procedementos e instrumentos xurídicos necesarios para proceder a transferencia e transformación da Escola nun centro público dependente da Xunta de Galicia, adscrito a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e destinado a implementación de ensinanzas regradas no ámbito da educación e a formación en xeral. Así mesmo ambas administracións valoran de interese mutuo a transmisión da titularidade á Xunta de Galicia da Finca Lourizán no que actualmente atópase o "Centro de Investigación Forestal de Lourizán", o "Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán", a "Rede de Observación Ambiental dos Ecosistemas de Galicia" e a "Rede de Seguimento do Estado Ecolóxico das Augas".

A Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia teñen interese común e compartido en que esta última asuma a titularidade da Escola de Cantería de Pontevedra segundo o indicado no parágrafo anterior, así como da Finca Lourizán de propiedade da Deputación para os mesmos fins determinantes da afectación ou para outros fins de uso xeral ou de servizo público de competencia da receptora dos bens ou dereitos, e ambas partes manifestan o interese mutuo en iniciar os trámites para formalizar a súa transferencia á Xunta de Galicia.



Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente protocolo de conformidade coas seguintes:

CLAÚSULAS

Primeira.- Obxecto do protocolo

O presente protocolo ten por obxecto declarar a vontade das partes asinantes de colaborar a fin de promover os trámites necesarios para facer efectiva a cesión á Xunta de Galicia da titularidade da Finca Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra.

Así mesmo, neste protocolo se establece tamén a vontade de impulsar e formalizar os instrumentos xurídicos que resulten mais adecuados para levar a cabo dita cesión.

Segunda.- Manifestacións das partes

Dunha banda, a Deputación de Pontevedra manifesta a súa vontade de realizar os trámites necesarios para ceder gratuitamente a Finca Lourizán e a Escola de Cantería de Pontevedra á Xunta de Galicia para fins de uso xeral ou de servizo público.

Por outra banda, a Xunta de Galicia, manifesta a súa vontade, unha vez formalizada a cesión dos bens por parte da Deputación, de realizar os trámites necesarios para proceder á súa aceptación, de conformidade co establecido no artigo 56 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de destinalos a fins de uso xeral ou de servizo público da súa competencia.



Terceira.- Actuacións a desenvolver

Para a transmisión da titularidade e cesións dos bens e dereitos, cuxa titularidade lle corresponde á Deputación de Pontevedra, desenvolveranse as seguintes actuacións:

Por parte da Deputación de Pontevedra realizaranse todas as actuacións e trámites necesarios tendentes a levar a bo fin a efectiva transmisión da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra, incluíndo neste caso os recursos persoais e materiais precisos para o exercicio daquela actividade.

Por parte da Xunta de Galicia realizaranse todas as actuacións e trámites necesarios tendentes a levar a bo termo a recepción e aceptación da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra, incluíndo neste caso os recursos persoais e materiais precisos para o exercicio daquela actividade. O persoal adscrito á Escola pasará a depender da Comunidade Autónoma.

Para a transmisión da titularidade dos mencionados bens e dereitos seguirase a tramitación prevista no artigo 29 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 109 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais e nos artigos 276 a 279 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e demais normativa vixente na materia e, especificamente, respecto dos recursos persoais e materiais, a normativa laboral de aplicación e de selo caso, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como o Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Cuarta.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o impulso das actuacións necesarias para a execución do obxecto do presente protocolo e para o seu seguimento crease unha Comisión Mixta de Seguimento que



estará formada por dous representantes de cada unha das partes designados por cada unha delas.

Quinta.- Vixencia

Este protocolo estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura polas partes que o subscriben e se extinguirá por expresa manifestación de calquera das asinantes ou, no seu caso, cando se haxan cumprido os obxectivos para os cales se asinou.

Sexta.- Natureza e discrepancias

O presente protocolo, que se subscribe de conformidade co previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, é a expresión da vontade de ambas Administracións e partes subscritoras para actuar cun obxectivo común e non supón a formalización de compromisos xurídicos concretos e esixibles propios dos Convenios de colaboración.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente Protocolo deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión Mixta de Seguimento prevista na cláusula cuarta do presente protocolo.

Sétima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de



decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade co expresado neste protocolo, asíñase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

Vicepresidente segundo e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Deportes

Presidenta da Deputación Provincial de
Pontevedra

Diego Calvo Pouso

M^a del Carmen Silva Rego

